

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 5 de maio de 2008 na cal se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de axudas dirixidas a fomentar a participación e o empoderamento das redeiras de Galicia a través da realización de obradoiros de igualdade.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 4 que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas e remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar é o departamento da Administración autonómica a que lle corresponde o exercicio, como propias, das competencias e funcións en materia de igualdade de xénero, tal e como se establece no artigo 1 do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Tal e como se establece no artigo 5 do dito decreto, a Secretaría Xeral da Igualdade é o órgano a que lle corresponden, entre outras, as funcións relativas ás políticas da Xunta de Galicia en materia de xénero e de promoción da igualdade entre mulleres e homes.

O V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes está integrado por catro liñas estratéxicas de actuación relativas a: participación e empoderamento, acceso á información e aos recursos, formación en igualdade entre mulleres e homes e abordaxe integral da violencia de xénero. Tendo en conta esas liñas estratéxicas, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar aposta polo fomento da participación e do empoderamento da diversidade das mulleres galegas, o que supón garantir e lograr a autonomía persoal, o acceso e o control por parte das mulleres a todo tipo de recursos (económicos, materiais, de coñecemento...) e a posta en valor dos temas que afectan máis directamente as necesidades básicas ou prácticas e os intereses das mulleres, procurando que estes entren, dun xeito transversal, nas políticas públicas, a través de accións dirixidas a promover o empoderamento das mulleres.

Así mesmo, a liña estratéxica 2 de actuación do V Plan fai referencia ao acceso á información e aos recursos na procura dunha maior cohesión social, tendo en conta dun xeito especial o lugar de residencia, dado o espallamento do territorio galego en pequenos núcleos que dificulta o acceso á información e aos recursos, de xeito que, entre as actuacións para acadar este obxectivo, está desenvolver programas de actuación específicos para a diversidade das mulleres das aldeas e pequenas vilas da beiramar, así como tamén establecer programas de axudas para a regularización de actividades económicas do emprego sumerxido que teñan en conta a forte presenza das mulleres nesta economía, especialmente no ámbito rural e costeiro.

Na liña estratéxica 3 de actuación, relativa á formación en igualdade, establécese tamén a necesidade de animar a poboación a realizar accións formativas en materia de igualdade de oportunidades.

Tendo en conta todo o anterior, dun xeito experimental neste ano 2008, considérase necesario comezar por traballar os obxectivos contidos nas liñas estratéxicas do V Plan cun colectivo de mulleres que reúne os requisitos expostos nas tres liñas de actuación anteditas, son as mulleres redeiras.

O oficio de redeira é unha parte importante da cultura e tradición galegas máis seculares. É tamén unha actividade con indubidables efectos sobre a economía e o emprego dos municipios de beiramar en que constitúe unha das fontes da actividade económica desas zonas, contribuíndo tamén así ao afianzamento da poboación do medio rural.

A actividade das redeiras ten características singulares e diferenciais e a valoración desta actividade require superar a percepción que recorrentemente se ten dunha actividade arcaica e obsoleta, o cal obriga a que as accións de valoración deste oficio comprendan os mecanismos precisos para o fomento e a promoción desta actividade.

Son polo tanto estas condicións as que xustifican as medidas de apoio dirixidas a contribuír a acadar os obxectivos sinalados: promover a participación e o empoderamento, o acceso á información e aos recursos e á formación en igualdade de oportunidades, obxectivos recollidos na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en todo o que non se opón ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, así mesmo, axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro), así como ao seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE do 25 de xullo), tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, agás o réxime xeral de concorrencia, e aos demais requisitos exixidos pola Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Na súa virtude, segundo as facultades atribuídas pola Lei da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2008 dun programa de axudas dirixidas a promover a partici-

pación das redeiras con domicilio en Galicia en obradoiros de igualdade.

Artigo 2º.-Actuacións subvencionables.

As axudas, na modalidade de pagamento único, serán concedidas ás redeiras que participen nun obradoiro de igualdade dos que sexan promovidos pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e segundo a definición e características que no artigo 5º desta orde se recollen.

O obradoiro de igualdade en que terá que acreditarse a participación deberá terse desenvolvido entre o 1 de xaneiro e 15 de setembro de 2008.

Artigo 3º.-Crédito orzamentario.

O crédito máximo dispoñible para atender estas actuacións será de 250.000 euros que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 05.30.313 B.481.0 (código proxecto 2008 00646).

Artigo 4º.-Persoas beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias destes incentivos as redeiras con domicilio en Galicia que realicen un obradoiro de igualdade dos promovidos pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e sempre que estean dadas de alta no réxime especial dos traballadores do mar da Seguridade Social, por conta propia ou por conta allea: grupo III-CNAE93: 05010 (ata 31-12-2006 epígrafe 083)-colectivo profesional 385, cunha antigüidade mínima de 6 meses, computados na data da publicación desta orde.

2. As solicitantes deberán cumprir, en todo caso, os requisitos para obter a condición de beneficiarias exixidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-Definición, obxectivos e características dos obradoiros de igualdade.

1. Os obradoiros de igualdade a que se fai referencia nesta orde son actuacións que serán promovidas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e nas cales se desenvolverán actividades teórico-prácticas no ámbito da igualdade de oportunidades, tendo como obxectivos promover a participación e o empoderamento das mulleres, o acceso á información e aos recursos e a formación en igualdade.

2. Os obradoiros de igualdade terán as seguintes características: a súa duración será de 60 horas e as accións que se desenvolverán neles versarán, entre outros contidos, sobre: dimensión de xénero, desigualdade de xénero, políticas de igualdade, empoderamento e participación, emprendemento. As ditas accións serán titorizadas por persoas expertas nos contidos que se van desenvolver.

Artigo 6º.-Contía.

A axuda que se vai percibir está vinculada á realización completa do obradoiro de igualdade (60 horas) e o seu importe individual será de 500 euros.

Artigo 7º.-Solicitudes, prazo de presentación e documentación preceptiva.

1. As solicitudes presentaranse, unha vez rematada a participación no obradoiro de igualdade, no rexistro xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dirixidas ao órgano competente para resolver.

2. O prazo de presentación de solicitudes rematará, en todo caso, o 30 de setembro de 2008.

3. A solicitude deberá presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I a esta orde e deberá ir acompañada do orixinal ou fotocopia compulsada dos seguintes documentos:

a) Copia do DNI da solicitante.

b) Certificación bancaria orixinal do número de conta corrente en que a solicitante desexa que se realice o pagamento da axuda.

c) Documento de alta no réxime especial dos traballadores do mar da Seguridade Social, por conta propia ou allea, no grupo III, CNAE93:05010 (ata o 31 de decembro de 2006: epígrafe 083), colectivo profesional 385.

d) Documentos acreditativos dos ingresos de cotas ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar relativos ao período en que realizou o obradoiro de igualdade.

e) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para a mesma finalidade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados (anexo II).

f) Declaración responsable da solicitante en que se afirme que non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria recollidas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo II).

4. A presentación da solicitude de subvención pola interesada implica o coñecemento e a aceptación das bases desta convocatoria e comporta a autorización ao órgano xestor para comprobar de oficio o cumprimento das obrigas tributarias e sociais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería de Economía e Facenda e coa Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8º.-Tramitación.

1. O órgano responsable da tramitación das axudas reguladas nesta orde será a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida,

requirirase a solicitante para que, no prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º.-*Resolución.*

1. A concesión e, se é o caso, a denegación da axuda realizarase mediante resolución expresa e individualizada da secretaria xeral da Igualdade por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar. A antedita resolución será ditada no prazo de dous meses contados a partir da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas.

A este procedemento non lle será de aplicación o réxime de concorrencia competitiva, de acordo co previsto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo que o proceso de resolución se efectuará de forma continuada segundo a orde de recepción das solicitudes de axuda.

2. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

Artigo 10º.-*Criterios de subvención e valoración.*

Todas as redeiras que acrediten axeitadamente os requisitos exixidos no artigo 4º desta orde poderán solicitar esta axuda que terá como contía única 500 euros, e en tanto non se esgote o crédito orzamentario previsto no artigo 3º desta orde.

Artigo 11º.-*Xustificación e pagamento.*

O pagamento da axuda quedará condicionado á realización completa do obradoiro de igualdade e á acreditación do ingreso das cotas ao réxime especial da Seguridade Social de traballadores do mar polas mensualidades correspondentes ao período en que realizou o obradoiro.

A axuda será aboada nun pagamento único, unha vez notificada a resolución de concesión, e realizarase na conta que a solicitante faga constar no anexo II desta orde acreditada mediante certificación bancaria orixinal.

Artigo 12º.-*Obrigas das persoas beneficiarias.*

As persoas beneficiarias destas axudas están sometidas ás obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, sen prexuízo do cal quedarán suxeitas ás seguintes obrigas:

a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar perante a entidade concedente a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinan a concesión ou o desfrute da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á percepción da subvención.

e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 15º desta orde.

Artigo 13º.-*Compatibilidade con outras subvencións ou axudas.*

Estas subvencións serán compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Porén, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 14º.-*Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas e subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, can-

do no segundo caso se supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 15º.-*Reintegro das axudas.*

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, do importe percibido e dos xuros de mora xerados desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seguirase para iso o procedemento establecido no título II da dita Lei 9/2007.

2. Así mesmo, tal e como se establece no artigo 32.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación da resolución de concesión comportará a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Artigo 16º.-*Fiscalización e control.*

1. A concesión das axudas reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio de control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das funcións que a Constitución española e as leis lle outorgan ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia e do disposto no artigo 3 da dita lei.

2. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar poderá inspeccionar en calquera momento as actuacións realizadas.

Artigo 17º.-*Réxime sancionador.*

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvencións reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-*Publicidade.*

1. Segundo o artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar poderá publicar no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputen, a beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

2. De conformidade co artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias, polo que a presentación da solicitude conleva de forma expresa a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a súa publicación na dita páxina web.

3. Así mesmo, de acordo co disposto nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as persoas beneficiarias autorizan a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a incluír e facer públicas, tanto no *Diario Oficial de Galicia* coma nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, os datos relevantes referidos á axuda recibida así como ás sancións impostas.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado para este fin que é de 250.000 euros. No caso de que neste exercicio económico se esgote o crédito orzamentario consignado para a concesión destas axudas, e para os efectos de lle dar publicidade a esta circunstancia, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ditarase resolución administrativa en que se sinalará a data na que se produciu o esgotamento do crédito e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias na secretaria xeral da Igualdade ao abeiro do disposto no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación ou revogación das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, así como o recoñecemento das obrigas e as propostas de pagamento, en relación co disposto no artigo 73 a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non previsto nesta orde, aplicarase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en todo o que non se opón á dita lei, e demais normativa de aplicación.

Segunda.-Autorízase á secretaria xeral da Igualdade para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2008.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E
DO BENESTAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS DIRIXIDAS A FOMENTAR A PARTICIPACIÓN E O EMPODERAMENTO DAS REDEIRAS DE GALICIA A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE OBRADOIROS DE IGUALDADE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP442A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
DATA DE ALTA NO RÉXIME ESPECIAL DA SEGURIDADE SOCIAL DOS TRABALLADORES DO MAR		SINALAR O QUE PROCEDA <input type="checkbox"/> TRABALLADORA POR CONTA PROPIA <input type="checkbox"/> TRABALLADORA POR CONTA ALLEA	

DATOS DO OBRADOIRO DE IGUALDADE

LOCALIDADE EN QUE SE REALIZOU	PROVINCIA	DATA INICIO	DATA FINALIZACIÓN
-------------------------------	-----------	-------------	-------------------

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
-----------------	--------------------	--------------------	--------------------------

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (ARTIGO 7.3)

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DNI DA PERSOA SOLICITANTE
<input type="checkbox"/> DOCUMENTO DE ALTA NO RÉXIME ESPECIAL DA SEGURIDADE SOCIAL DOS TRABALLADORES DO MAR
<input type="checkbox"/> DOCUMENTOS DE INGRESO DAS COTAS AO RÉXIME ESPECIAL DA SEGURIDADE SOCIAL DOS TRABALLADORES DO MAR RELATIVAS AOS MESES EN QUE REALIZOU O OBRADOIRO DE IGUALDADE.
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE SEGUNDO ANEXO II.
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN BANCARIA ORIXINAL DO NÚMERO DE CONTA EN QUE A BENEFICIARIA DESEXA QUE SE REALICE O PAGAMENTO DA AXUDA.

A SOLICITANTE DECLARA QUE:

Dá expresamente o seu consentimento á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique na súa páxina web oficial a relación das beneficiarias e o importe das axudas concedidas

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 5 de maio de 2008 na cal se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de axudas dirixidas a fomentar a participación e o empoderamento das redeiras de Galicia a través da realización de obradoiros de igualdade.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DA SOLICITANTE		DATA DE ENTRADA
Lugar e data	RECIBIDO	DATA DE EFECTOS
de 200	REVISADO E CONFORME	DATA DE SAÍDA

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dona , con NIF

en relación coa solicitude efectuada ao abeiro da Orde do , na cal se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de axudas dirixidas a fomentar a participación e o empoderamento das redeiras de Galicia a través da realización de obradoiros de igualdade.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE: (sinalar cun X o que proceda)

QUE NON SOLICITEI E NON TEÑO PERCIBIDO AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU DAS ENTIDADES VINCULADAS OU DEPENDENTES DELAS.

QUE SOLICITEI E SE ME CONCEDERON (OU ESTOU PENDENTE DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN) AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU DAS ENTIDADES VINCULADAS OU DEPENDENTES DELAS, COMO SE INDICA A SEGUIR:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATAS DE		IMPORTE
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase "PENDENTE" nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar "DENEGADA".

ASÍ MESMO, DECLARO:

Que non me atopo incurso en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son verdadeiros.

Que autorizo a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a realizar as consultas necesarias de ficheiros públicos para os únicos efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

Lugar e data

, de de 200

(Sinatura)

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde conxunta do 8 de maio de 2008, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Innovación e Industria, pola que se convocan premios a recursos educativos para a sociedade da información entre o profesorado de centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos para o ano 2008.

O futuro desenvolvemento social e económico da sociedade galega, inmersa nun mundo cada vez máis competitivo e globalizado, dependerá en gran medida da competencia tecnolóxica das galegas e dos galegos e da súa capacidade de adaptación aos cambios nos xeitos de vida determinados pola sociedade da información.

Un dos piares básicos nos cales se asenta a sociedade do século XXI son as tecnoloxías da informa-

ción e comunicación (TIC) e a súa capacidade para eliminar moitos dos obstáculos tradicionais, tanto económicos como de tempo e distancia, no intercambio e difusión do coñecemento. A Unión Europea é consciente da relación entre a formación dos cidadáns, a súa competencia dixital e a calidade do emprego. Nas conclusións do Consello Europeo extraordinario de Lisboa no ano 2000 facíase fincapé na capacidade das TIC para mellorar a calidade e a cantidade do emprego na Unión Europea, aumentar a competitividade e acadar un maior nivel de vida. Ideas que se reiteraron e ampliaron na comunicación de xuño de 2005 «i2010 Unha sociedade da información europea para o coñecemento e o emprego» onde tamén se sinalaba, entre outras prioridades, a necesidade de incentivar a creación e intercambio a nivel europeo de recursos educativos dixitais de calidade que aproveiten todo o potencial das TIC.

Inserir plenamente Galicia na sociedade da información, garantindo a cohesión social, a preservación